



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO CORGO, DO DÍA 24 DE SETEMBRO DE 2015.

#### **PRESIDENTE:**

D. José Antonio Ferreiro González. (PP)

#### **CONCELLEIROS:**

#### **ASISTENTES:**

D. Felipe Labrada Reija (PP)

D. Marcos Trashorras Reija (PP)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Mar Gómez Gómez (PP)

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Alvarez Fole (PP)

D. Javier Cerqueiro González (PSOE)

D. Jesús Seijas Abuín (PSOE)

D<sup>a</sup> Marta López Abeledo (PSOE)

D. Mario Outeiro Iglesias (BNG)

D<sup>a</sup> María Abuín Sanfiz (BNG)

D. Francisco Javier Vila Núñez (DIC)

No salón de sesións do Concello do Corgo, ás 12:00 horas do día 24 de setembro de 2015 reúnese o Pleno do Concello co obxecto de celebrar sesión ordinaria organizativa.

Preside o acto o Sr. alcalde D. José Antonio Ferreiro González e asisten os concelleiros que se relacionan á marxe. O concelleiro de DIC, Javier Vila Núñez, incorpórase ás 12:30 horas.

Da fe do acto o Secretario, D. Marco A. García-Gabilán Sangil.

#### **SECRETARIO:**

D. Marco Antonio García-Gabilán Sangil



# CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

## A) PARTE RESOLUTIVA

### **1.- Lectura e aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior.**

Apróbase por unanimidade o borrador da acta da sesión anterior, celebrada o día 30 de xullo de 2015.

### **2.-Modificación de créditos.**

#### MEMORIA DA ALCALDÍA

No desenvolvemento e execución do Orzamento Municipal corrente, obsérvase a insuficiencia e inexistencia de crédito en determinadas aplicacións do estado de gastos para atender necesidades relativas a obras, servizos e subministros, que seguidamente se indican, a cargo da Corporación, de carácter inaprazable, consistentes en:

1. Custes técnicos da actuación subvencionada polo Instituto Enerxético de Galicia mediante sistema de xestión compartida para a renovación das instalacións de iluminación pública exterior existentes nos concellos de Galicia. Importe: 6.000,00 euros.
2. Subvención nominativa á Escudería Miño-Lugo para a organización do XXXVII Rallie San Froilán, que trancorre parcialmente polo término municipal do Corgo. Importe: 4.000,00 €.
3. Aboamento do 26,23 % (48 días) da paga extraordinaria de decembro de 2012 ao persoal municipal con dereito á mesma en virtude do establecido polo Real Decreto-lei 10/2015, de 11 de setembro. Importe: 4.838,94 euros.

De conformidade coas disposicións vixentes, cando deba realizarse algún gasto para o que non exista crédito no orzamento vixente, ou sexan insuficientes as dotacións previstas no mesmo, a Corporación pode acordar tanto unha concesión de crédito extraordinario, como un suplemento de crédito. Dita modificación de créditos deberá atenderse, indistintamente, co remanente líquido de tesourería dispoñible no momento da tramitación do expediente, procedente do sobranche da liquidación do exercicio anterior, con novos ou maiores ingresos recadados sobre os totales previstos no orzamento corrente ou ben anulando ou minorando o crédito necesario doutras aplicacións do orzamento que se estimen como dotacións reducibles, sen perturbación do respectivo servizo. Tamén poden financiarse con recursos procedentes de operacións de crédito nos casos previstos no artigo 36 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

É necesario proceder, simultaneamente á dotación de crédito, á modificación do anexo á Base 14ª das bases de execución do orzamento xeral municipal para 2015 para engadir na relación de subvencións nominativas do exercicio 2015 á subvención a Escudería Miño-Lugo para a organización do XXXVII Rallie San Froilán, que trancorre parcialmente polo término municipal do Corgo, por un importe de 4.000,00 €, xa que non figura na relación actual de subvencións nominativas previstas para este



# CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

exercicio, aprobada no momento de aprobación do orzamento do exercicio 2015 e que xa foi obxecto de modificación a través do expediente de modificación de orzamento 1 bis/2015.

O Real Decreto-Lei 10/2015, de 11 de setembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do Estado e adóptanse outras medidas en materia de emprego público e de estímulo á economía, habilita ás distintas Administracións Públicas para que poidan proceder ao aboamento do 26,23 % (48 días) da paga extraordinaria de decembro de 2012 ao persoal con dereito á mesma. Este aboamento producirase no exercicio 2015, se así se acorda e a situación económico-financeira da Administración en cuestión o permite. No caso do Concello do Corgo, o importe total por este concepto en relación ao persoal municipal con dereito á mesma ascende a 4.838,95 €, cantidade con escasa repercusión en relación co conxunto de obrigas recoñecidas estimadas a finais do exercicio 2015, polo que se decide proceder a dito aboamento no exercicio 2015 e propónse ao Pleno dotar crédito pola cantidade sinalada nas aplicacións correspondentes do capítulo 1 da clasificación económica de gastos.

Esta Alcaldía, estima procedente tramitar o correspondente expediente de modificación de créditos, nutrido os recursos con cargo ao Remanente líquido de Tesourería dispoñible do exercicio anterior; e, na súa virtude, previo estudo das necesidades, de carácter inaprazable, que neste momento ten a Corporación, somete á consideración do Concello Pleno as modificacións que a continuación se detallan:

## 1º.- CRÉDITOS NECESARIOS:

### a) Suplementos de crédito (Aplicacións dotadas insuficientemente)

Aplicación Orzamentaria	Consignación antes deste expediente	Aumento que se propón	Total consignación resultante	FINS AOS QUE SE DESTINAN OS NOVOS CRÉDITOS E CAUSAS DA SÚA NECESIDADE
165-623	79.262,14	6.000,00	85.262,14	Custes técnicos da actuación subvencionada polo Instituto Enerxético de Galicia mediante sistema de xestión compartida para a renovación das instalacións de iluminación pública exterior existentes nos concellos de Galicia. Importe: 6.000,00 euros. Mellora da eficiencia enerxética.
341-480	9.200,00	4.000,00	13.200,00	Subvención nominativa á Escudería Miño-Lugo para a organización do XXXVII Rallie San Froilán, que trancorre parcialmente polo término municipal do Corgo . Importe: 4.000,00 €. Promoción do



# CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

				deporte.
				Aboamento do 26,23 % (48 días) da paga extraordinaria de decembro de 2012 ao persoal municipal con dereito á mesma en virtude do establecido polo Real Decreto-lei 10/2015, de 11 de setembro. Importe: 4.838,95 euros. Cumprimento das obrigas legais.
920-12000	14.844,61	182,50	15.027,11	
920-12003	20.073,92	331,90	20.405,82	
920-12004	16.902,31	158,34	17.060,65	
920-12006	6.786,33	152,56	6.938,89	
920-12100	34.338,57	568,49	34.907,06	
920-12101	72.371,41	1.139,60	73.511,01	
920-13000	15.201,11	733,32	15.934,43	
450-13000	20.031,49	371,50	20.402,99	
231-131	130.291,86	717,00	131.008,86	
241-131	25.988,75	483,74	26.472,49	

Total dos suplementos de crédito..... 14.838,95 euros

### RESUMO:

Total dos suplementos de crédito.....	14.838,95.-
Total dos créditos extraordinarios.....	0,00.-
<b>IMPORTE TOTAL DA OPERACIÓN...</b>	<b>14.838,95.-</b>



# CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

## 2º.- FINANCIACIÓN:

Para financiar os novos créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar os recursos seguintes:

### a) Con cargo ao Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais:

Remanente líquido de Tesourería ao inicio do exercicio .....2.015.634,20.-  
Remanente líquido de Tesourería dispoñible nesta data...  
1.305.955,72.-

Cantidade que se precisa utilizar neste expediente..  
14.838,95.-

Diferencia: Cantidade de Remanente sobrante.....  
1.291.116,77.-

(\*).- Da cantidade indicada, 382.245,92 euros proceden de actuacións no Patrimonio Público do Solo, o que nos levaría a ter unha cantidade definitiva sobrante de Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, despois da aprobación deste expediente, de 908.870,85 euros.

### RESUMO:

Por utilización do Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais  
..... 14.838,95.-

Por baixas por anulación parcial doutras partidas no Orzamento vixente  
..... 0,00.-

IMPORTE TOTAL RECURSOS FINANCIACIÓN.....  
14.838,95.-

O Corgo, 18 de setembro de 2015  
O alcalde-presidente,

Asdo.: José Antonio Ferreiro González.

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar a modificación que antecede.

### **3.- Aprobación da conta xeral do exercicio 2014.**



# CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

Séguidamente dáse conta da Conta Xeral do Orzamento para o 2014, que foi dictaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas na súa sesión do 4 de agosto de 2015 , sendo o seu

## ESTADO DE REMANENTE DE TESOURERÍA:

COMPOÑENTES	IMPORTES ANO	
1. (+) FONDOS LÍQUIDOS		2.033.808,30
2. (+) DEREITOS PENDENTES DE COBRAMENTO		466.558,54
- (+) do orzamento corrente	208.043,59.-	
- (+) de orzamentos pechados	248.471,11.-	
- (+) de operacións non orzamentarias	10.071,84.-	
- (-) cobramentos realizados pendentes de aplicación definitiva	28,00.-	
3. (-) OBRIGAS PENDENTES DE PAGAMENTO	251.985,61.-	280.035,76
- (+) do orzamento corrente		
- (+) de orzamentos pechados	0,00	
- (+) de operacións non orzamentarias	28.050,15.-	
- (-) pagamentos realizados pendentes de aplicación definitiva	0,00	
I. Remanente de tesourería total (1+2-3)	2.220.331,08.-	
II. Saldos de dubidoso cobro	119.518,83.-	
III. Exceso de financiación afectada	85.178,05.-	
IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I-II-III)	2.015.634,20.-	



# CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

V. Saldo de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento (-)	0,00	
VI. Saldo de obrigas por devolución de ingresos pendentes (-)	0,00	
VII. Remanente de tesourería para gastos xerais axustado (IV-V-VI)(*)	2.015.634,20.-	

(\*).-Dita cantidade debe minorarse en 382.245,92 euros, que deben destinarse exclusivamente a actuacións relacionadas co Patrimonio Público do Solo, o que nos levaría a ter unha cantidade definitiva sobrante de Remanente de Tesourería para gastos xerais de 1.633.388,28 euros.

## **ESTADO DE REMANENTE DE CRÉDITO:**

1.- Orzamento definitivo.....	3.128.228,11.-
2.- Obrigas recoñecidas netas...	1.903.283,06.-
<b>3.- Remanentes de crédito (1-2) .....</b>	<b>1.224.945,05.-</b>
4.- Gastos comprometidos.....	2.010.948,96.-
5.- Obrigas recoñecidas netas..	1.903.283,06.-.
6.- Total R. de crédito comprometidos (4-5) .....	107.665,90.-
<b>7.- Total R. de crédito non comprometidos (3-6) .....</b>	<b>1.117.279,15.-</b>

## **RESULTADO ORZAMENTARIO:**

1.- Dereitos recoñecidos netos....	2.063.131,98.-		
2.- Obrigas recoñecidas netas	1.903.283,06.-		
<b>3.-</b>	<b>Resultado</b>	<b>orzamentario</b>	<b>(1-2)</b>
<b>159.848,92.-</b>			



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

4.- Créditos gastados financiados con Remanente de Tesourería para Gastos Xerais...  
326.261,31.-

5.- Desviacións de financiación negativas do exercicio 123.435,92.-

6.- Desviacións de financiación positivas do exercicio. 88.078,05.-

**7.- Resultado orzamentario axustado (3+4+5-6)....**  
**521.468,10.-**

O Pleno, en votación ordinaria, e por 5 votos a favor dos concelleiros do PP e 5 abstencións (3 dos concelleiros do PSOE e 2 dos concelleiros do BNG), acorda aprobar a conta xeral do exercicio 2014.

### 4.- Asuntos de urxencia.

Non houbo.

## **B) CONTROL POLÍTICO DO GRUPO DE GOBERNO**

### 5.- Dar conta das Resolucións da alcaldía.

Dáse conta das Resolucións da alcaldía, dende a número 100/2015, do 16 de febreiro ata a 320/2015, de 30 de xuño.

O pleno queda enterado.

### 6. Tratamento de mocións.

O Pleno trata a moción con número de entrada 1926, con data de entrada 22 de setembro, que defende Jesús Seijas, do seguinte tenor literal:

*"Ó PLENO DO CONCELLO DE O CORGO*





## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

*O concelleiro Javier Cerqueiro González, na súa condición de voceiro/a do Grupo Municipal Socialista no Concello de O Corgo comparece e como mellor en Dereito proceda DI:*

*Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:*

### *Exposición de motivos:*

*Para o arranxo do ponte do núcleo de Vilanova, o Concello alterou notablemetne o trazado orixinal e polo tanto os correspondentes accesos a unha serie de fincas. Tras un informe técnico particular, estableceuse que ditos accesos á estrada local constaban dunha pendente do 28 %.*

*Por todo o anterior, propoño á consideración do pleno desta Corporación a adopción do seguinte acordó:*

*Que por parte do pleno deste concello se acorde instar ó alcalde, para que tome todas as medidas necesarias para o arranxo desta situación para que se poidan volver usar as fincas dun modo habitual garantindo a equidade entre os veciños afectados. Asimesmo, instamos a que se pida información sobre as responsabilidades e obrigacións da Confederación Hidrográfica Miño Sil.*

*En O Corgo a 24 de setembro de 2015*

*Asdo. Javier Cerqueiro González"*

Jesús explica que todos sabemos como quedou a obra da ponte de Vilanova. Unha obra na que o concello aportou o deseño técnico e a metade do orzamento. O resultado é que a saída das fincas da marxe esquerda da estrada, a carón da ponte, asusta. Descoñece se se puxo en coñecemento da Confederación Hidrográfica como quedou a obra e se se obtiveron os correspondentes permisos.

O alcalde explica que o concello só puxo unha terceira parte do orzamento total; as outras dúas terceiras partes púxoas a Xunta (o SPI e unha Consellería). O concello non contratou a obra, e á vista das saídas que quedaron deu conta á Xunta, indicándolle que non recibiría a infraestrutura. Apunta que falou cos veciños para intentar arranxar o problema. Comenta que a saída tal como se executou non estaba prevista no proxecto técnico.



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

Jesús Seijas di que o concello ten unha responsabilidade clara e non pode extraerse da realidade; ten que participar para solucionar o problema. A mellor solución podería ser rechear esa zona e facer un dique.

O alcalde explica que falou varias veces cos veciños afectados. Non sabe se nesa zona a Confederación autorizaría unha escolleira. A solución pode ser ocupar a parte da parcela que é municipal, e dar saída por alí, xa que o veciño que se opón tería que ceder moi pouco terreo.

Jesús Seijas pide que o concello adopte unha declaración de intencións sobre este tema. Pensa que a escolleira igual a autorizaría o organismo de vacía.

Javier Cerqueiro comenta que se pode falar coa Deputación para que a vexa un enxeñeiro e lle busque unha solución e despois falar coa Confederación. Pensa que levalo ao xulgado é unha mala idea.

Felipe Labrada opina que o problema é doado de arranxar se quixese un dos veciños, incluso podería facerse unha permuta do terreo municipal.

Jesús Seijas pide que se intente solucionar o problema, falando coa Confederación para ver se se pode facer unha escolleira xa que alí hai un espazo moi longo. Outra alternativa é delimitar a propiedade do veciño, que non facilita o arreglo. Engade que se se soluciona, pode ser que no vindeiro pleno se acorde que se faga un proxecto técnico e que se faga.

Neste momento incorpórase Javier Vila, sendo as 12:30 horas.

O alcalde comenta que xa presionou á Xunta e ao enxeñeiro, e pódese facer un escrito á Confederación para facer unha escolleira.

Marcos Trashorras di que hai que solicitar á Sociedade Pública de Inversións e á empresa contratista para que solucione o problema e pedir os permisos correspondentes á Confederación.

Jesús Seijas solicita que, entretanto, o concello non pague a obra.

O pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar a moción, solicitando á SPI e á empresa que solucionen o problema, e á Confederación pedir os permisos correspondentes.

Seguidamente o pleno trata a moción número 1927, con data de entrada de 22 de setembro, que defende Javier Cerqueiro, e que é do seguinte tenor literal:

*"Ó PLENO DO CONCELLO DE O CORGO*



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

O concelleiro Javier Cerqueiro González, na súa condición de voceiro/a do Grupo Municipal Socialista no Concello de O Corgo comparece e como mellor en Dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

### Exposición de motivos:

As administracións públicas, dado o alto número de desempregados, que hai tanto na provincia como no noso Concello, deben ser órganos catalizadores e dinamizadores de emprego.

En temas de emprego, O concello non so ten que cumprir cunhas bases e a legalidade, senon que, ante un problema de tal magnitude, e tan sensible ante a poboación, ten que adoptar posicións activas e éticas.

O procedemento selectivo dos traballadores encargados da prevención e defensa contra incendios forestais, durante a vixencia do convenio suscrito coa Consellería do Medio Rural, esta a crear malestar e desconfianza entre os veciños de O Corgo.

Independentemente da legalidade dos procesos selectivos, da que o Grupo Municipal Socialista non dúbida, tamén deberían ser uns procesos éticos, e a esto non axuda o feito de que durante os anos 2013, 2014 e 2015 en estes procesos sexan contratadas as mesmas persoas para realizar esas tarefas, con pequenas variacións. As mesmas queixas existen cos obradoiros de emprego.

Non dubidamos do mérito e a capacidade da xente contratada, e non pretendemos dende este grupo entrar en polémicas persoais, pero os procedementos selectivos non estan conseguindo que haxa unha maior rotación de traballadores e ahí é onde o Concello ten que estudar quizá vía modificación das bases, vía ampliando prazos de información... conquistar que máis veciños e veciñas poidan acceder a ser contratadas.

-Por todo o anterior, propoño á consideración do Pleno desta Corporación a Adopción do seguinte acordo:



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

*- Creación dunha bolsa de emprego municipal onde as persoas desempregadas poidan apuntarse tendo as mesmas posibilidades que calquera outra para acceder ao posto de traballo, e contando con que ademáis se proceda a realizar un turno rotatorio, para que non lle corresponda sempre o traballo as mesmas persoas.*

*En O Corgo a 21 de Setembro de 2015*

*Fdo. Javier Cerqueiro González"*

Cerqueiro explica que plantea esta moción en positivo, para buscar a pluralidade e que se cambien certas actitudes. Trátase de buscar unha solución cara ó público, facendo bolsas de emprego con tempo e co fin de mandar unha carta aos veciños para que se enteren das convocatorias. En definitiva, trátase de axudar aos veciños.

Marcos Trashorras di que lle parecen ben as bolsas de emprego, que de feito xa se fan, e sempre que nesas bolsas se respecten os principios de igualdade, mérito e capacidade. En relación coa fundamentación da moción presentada di que quere aclarar algunhas cousas: na selección do obradoiro de emprego non participou o concello do Corgo, xa que é unha selección que fixo a Xunta e non repetiu ningún empregado con respecto a outros obradoiros. Unha vez seleccionado o persoal formalizáronse os contratos en formación. No caso da contratación do persoal de incendios, o proceso selectivo é moi importante, xa que se trata de traballos de grande perigosidade, onde ter a experiencia nun incendio é moi importante e non é bo que a xente non a teña.

Cerqueiro di que non está de acordo con isto.

Marcos Trashorras di que a experiencia é un factor moi importante e él o di con coñecemento, xa que ese é o seu traballo, e coñéceo ben. Aínda así, as bases de selección deste persoal non puntúan a experiencia, senón que se pedían unhas probas físicas e de coñecemento. Di que na selección non teñen porque resultar seleccionadas as mesmas persoas doutros procesos. O que teñen que facer os candidatos é superar as probas.

Cerqueiro di que non quere afondar no asunto.

Marcos Trashorras engade que en ningún caso se pediu experiencia, e que non hai listas pechadas para participar, como de feito ocorre, xa que se apuntan ás probas selectivas xente doutros concellos. Di que está de acordo coas bolsas de emprego, que xa se viñan facendo, e en canto ás convocatorias de prazas selectivas, hai que ter en conta que determinados postos de traballo dependen da financiación da Xunta, e non se coñece con tempo dabondo como hai que regular as probas, é dicir, non se sabe dun ano para outro o perfil do traballador que se precisa.



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

Cerqueiro di que hai que mandar cartas aos desempregados do concello; pón o exemplo da Deputación onde se hai prazas avísase para que se saiba cunha certa antelación.

Mario Outeiro pide que cando haxa un debate que se organice, para que non haxa interrupcións. Na súa opinión, tódolos grupos políticos están de acordo en crear unha bolsa de emprego que dea a máxima información; porén, entende que é ilegal o criterio de rotación que se sinala na moción, xa que é contrario á Constitución e ao Estatuto Básico do Empregado Público. Pensa que a proposta pode quedar en crear unha bolsa de emprego a nivel informativo dun xeito rápido ou mandando unha carta ordinaria. Cre que sempre que se corrixa ese criterio de votación, están de acordo.

Cerqueiro di que está de acordo e que retira da súa proposta o criterio de rotación.

A Javier Vila parécelle ben a proposta, de tal xeito que a xente teña información; pero cre que debe priorizarse ás persoas que teñen menos recursos. Pón o exemplo de veciños con boas gandeirías e con recursos que traballaron de albaneis no concello. Cre que débese facer un regulamento que determine a información e o acceso, primando ás persoas con menos recursos, e aos veciños do concello. Remata indicando que apoia a moción.

Cerqueiro di que noutros sitios hai bolsa de emprego, como por exemplo en Pedrafita.

O alcalde contéstalle que iso xa se fai aquí.

Marcos di que se pode facer unha bolsa de carácter informativo para comunicar as convocatorias que están saíndo (correo ordinario, electrónico, etc).

Pechado o debate, e tralas deliberacións que se produciron durante o mesmo, Cerqueiro di que reformula a proposta que somete a votación do Pleno quedando seguinte xeito: "creación dunha bolsa de emprego municipal de as persoas desempregadas poidan apuntarse tendo as mesmas posibilidades que calquera outra para acceder ao posto de traballo".

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar a moción nos términos antes expresados.

De seguido trátase a moción presentada polo grupo político do PSOE, con número de rexistro de entrada 1934, do 22 de setembro de 2015, que defende Jesús Seijas e que literalmente di:

*"Ó PLENO DO CONCELLO DE O CORGO*



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

*O concelleiro Javier Cerqueiro González, na súa condición de voceiro/a do Grupo Municipal Socialista no Concello de O Corgo comparece e como mellor en Dereito proceda DI:*

*Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:*

### *Exposición de motivos:*

*A raíz da petición vecinal, o grupo municipal socialista de O Corgo puidemos comprobar que no núcleo de San Fiz na parroquia de Paradela, un total abandono, falta de limpeza e mantemento das cunetas e tubos polos cales debería fluír as augas da chuva para así eliminar a acumulación desta na estrada e polo tanto evitar o notable deterioro do asfaltado no citado barrio. Tamén nos fixeron chegar queixas do estado no que se encontra un camiño sen asfaltar, situado a outra marxe do corredor Nadela-Sarria, tanto polo estado do firme como pola desmesurada maleza que fai moi complicado a súa circulación e polo cal pódese acceder a un depósito de auga para recargar camións contra incendios.*

*Por todo o anterior, propono á consideración do Pleno desta Corporación a adopción do seguinte acordo:*

*Que por parte do pleno deste Concello se acorde instar ó alcalde, para que se proceda, na maior brevidade posible, a solucionar as peticións citadas con anterioridade, pero facendo fincapé en que se actúe con carácter de urxencia para que antes de que comece a tempada de choivas realicen a limpeza das cunetas e dos tubos, como tamén, ó arranxo do asfaltado que se encontra dende o cruce do desvío a Chamoso cara a igrexa de San Fiz, xa que, na primeira bifurcación, a auga concorre por riba do asfaltado pola marxe esquerda, e onde podemos ver que desemboca directamente na aira dunha casa particular.*

*En O corgo, a 24 de setembro de 2015*

*Asdo. Javier Cerqueiro González"*

O alcalde di que é un problema, que se fixo por riba dese sitio un ensanche moi amplo. Pódense facer unhas cunetas de cemento.

Felipe Labrada propón que se faga un sumidoiro soterrado e Marcos Trashorras un enrellado, xa que senón estréitase o camino.



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

O alcalde di que xa tentou facer algo; pero a propietaria dixo que se facía un sumidoiro soterrado.

Javier Vila di que non hai cuneta e que se podería facer media bacía para que corra a auga cara diante, é dicir, facer un foxo de formigón ou media cana, a rentes da Casa de Vila, para que a auga siga para abaixo cara o río.

O pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar a moción que antecede.

A continuación o pleno trata a moción presentada polo grupo político municipal do PSOE, con número de rexistro de entrada 1935, de 22 de setembro, defendida polo seu voceiro Javier Cerqueiro, que literalmente di

### **"Ó PLENO DO CONCELLO DE O CORGO**

***O concelleiro Javier Cerqueiro González, na súa condición de voceiro/a do Grupo Municipal Socialista no Concello de O Corgo comparece e como mellor en Dereito proceda DI:***

*Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN:***

#### ***Exposición de motivos:***

*O grupo Municipal Socialista presentou, a través do Grupo Parlamentario Socialista, en Madrid dúas enmendas que buscan inversións públicas do Goberno Central que empecen a articular un modelo de Concello dinámico, e capaz de atraer poboación e inversións.*

*Os veciños, nas pasadas eleccións municipais, votaron un modelo de cambio para o Concello, votaron saír do inmovilismo no que esta sumido este Concello, votaron en contra da falla de ambición e falla de ideas dun goberno, que a pesares de baixar en votos conseguiu manterse no poder. Sendo así, este goberno debería tomar nota do*



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

*pasado nas eleccións municipais, e ter a iniciativa de intentar cambiar as cousas. E cambiar as cousas significa buscar inversións noutras administracións, moverse por Santiago, por Madrid, pero debería ser o goberno o que tome a iniciativa e non ir a remolque do que dicte a oposición, aínda que o goberno estea en minoría. Debería ser o Alcalde o que liderase as propostas ao Presuposto Xeral do Estado para O Corgo.*

*Son dúas enmendas as presentadas polo Grupo Provincial Socialista:*

- Enmenda ós presupostos para que o Ministerio de Fomento elabore un proxecto para reducir a peligrosidade e humanizar a N-VI ó seu paso polo Concello de O Corgo.*
- Enmenda ós presupostos do Estado para que o Ministerio de Fomento transfira ó Concello de O Corgo a estrada vella da N-VI na zona da Ponte do Vao, en Laxosa, previa aprobación e execución dun proxecto de embelecemento da zona.*

*O último informe da Asociación Española de la Carretera asegura que o treito desta estrada, dende Nadela ao Corgo, é un dos 33 de Galicia en peor Estado. A súa situación agravouse tras as obras na A-6, posto que ó desviar o tráfico pola mesma, incrementouse considerablemente o tránsito, soportando o paso de dúzias de vehículos pesados ao día.*

*A mellora das comunicacións viarias e a súa seguridade son unha das apostas dos socialistas para xerar riqueza no noso Concello e frear o despoboamento demográfico que sofre, posto que temos que aproveitar o punto estratéxico no que se sitúa o municipio, moi próximo á capitalidade de Lugo. O paso da N-VI polo Corgo non ten que ser peor que por outros municipios, como Rábade, Begonte ou Guitiriz onde, a lo menos, contan con beirarrúas e pasos de peóns.*

*En canto a segunda enmenda se solicita ó Ministerio de Fomento a elaboración e execución dun proxecto de embelecemento da zona, acondicionamento de espazos verdes e iluminación. Os socialistas reclaman ao Executivo de Rajoy a realización deste plan e a posterior transferencia deste treito ó Concello para garantir o seu mantemento e disfrute por parte dos veciños e visitantes ao municipio corgues.*





## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

*O turismo rural e medioambiental é outra das apostas dos socialistas para o impulso do Corgo. Por iso, reclamamos a mellora deste espazo polo que discurre unha ruta medioambiental, hoxe en lamentables condicións, coa permisividade do Concello, que nada fai pola súa conservación e promoción, desaproveitando unha oportunidade única.*

*-Por todo o anterior, propoño á consideración do Pleno desta Corporación a Adopción do seguinte acordo:*

*- Que o Goberno do Concello solicite ó Ministerio de Fomento que proceda de inmediato a realizar un estudo para estas dúas actuacións tan necesarias, e que constitua unha comisión con este ministerio, tendente á realización das obras no prazo máis corto posible.*

*En O Corgo a 21 de Setembro de 2015*

*Fdo Javier Cerqueiro González"*

O alcalde explica que se está traballando nisto desde o ano 2000, en concreto xa se adotou o acordo nun pleno daquela época, e se preparou unha documentación técnica na que se contiña unha proposta de ordenación dun tramo da N-VI, á que se opuxeron os veciños, onde se contemplaban unhas vías paralelas á carretera N-VI con beirarrúas (amosa un plano).

De tódolos xeitos, di que para acometer o proxecto para reducir a peligrosidade ten que haber uns parámetros; non vale con facer unha cousa eiquí e outra acolá.

Cerqueiro pregunta se esta proposta vai no Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Javier Vila contesta que non.

En canto á cesión do antigo tramo da estrada N-VI, en Ponte do Vao, o alcalde explica que fixo xestións no seu día co Ministerio de Fomento e os responsables deste indicáronlle que non había problema na cesión, pero sen indemnización. Pensa que o concello non debe facerse cargo da estrada sen indemnización.



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

Cerqueiro comenta que ás veces hai que apretalos e nas administracións onde se goberna hai que ter man para que saian as cousas.

O alcalde responde que cando se pediu a cesión da Estrada N-VI ao seu paso pola Ponte do Vao, solicitoullo a un amigo para que chegara ao Ministro de Fomento, o Sr. Blanco.

Mario Outeiro está de acordo con toda a moción, pero di que a transferencia da vella estrada en Ponte do Vao debe ir acompañada da correspondente indemnización; e, en canto á humanización da N-VI, explica que hai zonas por onde transitan máis persoas: concello, centro de saúde, farmacia, caixa de aforros... A xente camiña polo arcén e non hai nada que obrigue a reducir a velocidade dos vehículos neses tramos. Que non se consiga garantir a seguridade dos veciños demostra unha falta de peso político do alcalde, xa que en Galicia goberna o Partido Popular. Engade que o periodo de maiores inversións no concello foi cando non gobernou o Partido Popular. O Corgo non ten investimentos que merece, e na N-VI non hai ningún paso elevado, beirarrúas, peonalización axeitada, etc.

O alcalde di que xa no pleno de febreiro de 2001 se acordou que se delimitase como urbán o tramo da Estrada N-VI que transcorre polo ámbito do Corgo ata a casa do Concello. En canto a que non se fixeran inversións no concello do Corgo gobernando o Partido Popular, di que non está de acordo, xa que as maiores inversións no término municipal foron o polígono empresarial, que se aprobou en 2005, sendo conselleiro Núñez Feijoo, no derradeiro goberno de Fraga, cunha inversión superior aos dous millóns de euros; e a traída de augas municipal que supera o millón de euros; todas esas inversións fixéronse gobernando o Partido Popular.

Di que é certo que unha vez aprobado o parque empresarial por Feijoo, o novo goberno bipartito, nin frenou a inversión, causa que é de agradecer aos concelleiros do BNG.

Jesús Seijas di que onde se enterraron máis cartos foi na praia fluvial.

O alcalde coméntalle que no se día se lle deu información polo miúdo dos custos e financiamento das obras realizadas na praia, que se fixeron con axudas da Deputación Provincial e da Xunta.



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

Marcos Trashorras di que aquí non houbo axudas económicas para facer as piscinas, a diferenza doutros concellos onde a Deputación financiou a súa construción.

Cerqueiro comenta que iso é responsabilidade do grupo de goberno, xa que quen ten que traer as axudas é quen goberna.

Marcos Trashorras indica que a Deputación de Lugo só trouxo faragullas ao Corgo; as únicas aportacións que fixo a favor do concello foron dende a Área de Cultura.

Javier Vila pensa que neste momento do debate estase fóra de tema; di que os veciños os elixiran para traballar. El apoia a moción xa que O Corgo necesita arranxar a N-VI; é coñecedor de que se solicitou o seu arranxo, pero tamén hai que facer xestión política, que é un 80 % para conseguir as cousas. Opina que se deben construír unhas beirarrúas, non coma antes, que se proxectaban unhas vías de servizo que afectaban a moitas casas.

En relación coa cesión do tramo da antiga estrada N-VI, ao seu paso por A Ponte do Vao, o alcalde di que está de acordo, pero sempre que se acompañe da correspondente indemnización prevista na Lei.

Cerqueiro confirma que coa correspondente indemnización.

Rematado o debate, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar a referida moción.

A continuación o Pleno trata a moción con número de entrada 1936, presentada o 22 de setembro polo grupo municipal do BNG, que defende Mario Outeiro, que ten o seguinte tenor literal:

### **"MOCIÓN PARA O ARRANXO DE ESTRADAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O concello do Corgo posúe unha rede viaria propia formada por un catálogo de estradas en terra e asfalto que comunican os múltiples núcleos de poboación. No mes previo ás eleccións locais do mes de maio do presente ano houbo un "esforzo inversor" sen parangón por parte de varias institucións para mellorar a devandita rede viaria. Porén, segue a haber estradas nun defectuoso estado de conservación que non*



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

*so dan acceso a núcleos de poboación senón que unen outras estradas converténdose en importantes nós de comunicación locais. A maiores o mal estado de conservación deriva nun perigo para a seguridade dos automobilistas e a dos seus vehículos.*

*Neste estado atópanse os seguintes viales:*

- Estrada que atravesa Quetesende unindo as estradas CP 29-18 e a CP 16-02. Está asfaltada (rego asfáltico) pero posúe numerosas fochanchas.*
- Estrada que atravesa Vilaceleiro unindo, tamén, as estradas CP 29-18 e a CP 16-02 en Gude, ao seu paso polo termo municipal do Corgo, especialmente a malla viaria de Vilaceleiro. Está asfaltada (rego asfáltico) pero posúe numerosas fochanchas.*
- Estrada que procede de Guimarás ata a confluencia coa estrada que une a Igrexa do Corgo con Alence ao seu paso por Santa Eufemia-antigo vertedoiro municipal. Atópase en terra.*
- Estrada que une o núcleo de Piñeiro coa CP 12-01, pasando polo repartidor de auga. Atópase en terra dende a última casa de Piñeiro ata a estrada provincial.*

*Por todo isto, o grupo municipal do BNG do Corgo solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte*

### **ACORDO**

- 1. Que o concello do Corgo proceda a efectuar o arranxo (repavimentación) das estradas de Quetesende e Vilaceleiro e a pavimentación das de Santa Eufemia e Piñeiro, ben con cargo aos orzamentos do 2015, ben incluída nos orzamentos do 2016 se non for posíbel nesta anualidade.***

*O Corgo, 22 de setembro de 2015*

*Mario Outeiro Iglesias*

*Voceiro do Grupo Municipal do BNG*

Mario Outeiro explica que durante o período electoral fíxose moito arranxo, pero aínda así quedaron obras sen facer. Coñece que hai unha moción presentada para este pleno do grupo DIC referente a gabias, aínda que o concelleiro que o propón estivo no grupo de goberno no anterior mandato.

Nesta moción, comenta, propón que se arranxen 4 vías, e se por necesidade do cumprimento da regra do gasto no se pode facer neste ano, propón que se inclúan no vindeiro exercicio 2016.

O alcalde opina que todas as obras que se fagan no concello son boas; pero entende que hai que priorizalas. Di que en Santa Eufemia hai unha casa e o que se pode facer na vía que lle dá acceso é tapar as fochancas e pasarlle un pisón. Di que hai outras



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

vías que lle parecen máis importantes, e está de acordo que se faga nos próximos orzamentos.

Felipe Labrada di que non viu moi estragada a pista de Quetesende.

Mario Outerio explica que é certo que tanto en Piñeiro como en Santa Eufemia hai unha soa casa; pero isa non é a cuestión, senón que son vías que unen dúas estradas municipais importantes.

Javier Vila di que apoia a moción, cre que todo o que sexa o arranxo de pistas é importante e debe ser prioritario. Solicita que se teña como prioritario para o próximo orzamento facer unha rexeneración de tódalas pistas.

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar a referida moción.

O alcalde di que queda para o vindeiro orzamento de 2016.

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda arpoar a moción que antecede.

A continuación o pleno trata a moción nº 1938, de 22 de setembro, presentada polo grupo do BNG, que defende Mario Outerio, que literalmente di:

### **"MOCIÓN PARA A POSTA EN VALOR DOS PLENOS MUNICIPAIS**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Tendo en conta que no pleno recae a representación democrática das corguesas e corgueses, non só é precisa a súa dignificación senón tamén a súa posta en valor dando coñecemento de primeira man a toda a cidadanía interesada no que acontece nel. Hoxe, ademais, existe tecnoloxía suficiente para que os veciños poidan ver en vídeo o que acontece nos plenos a prezos moi reducidos como fan outras administracións locais da provincia (concello de Outeiro de Rei, Deputación de Lugo...). Outra medida sinxela e gratuíta, en aras á transparencia, sería colgar en internet as actas aprobadas dos plenos.*

*Na lexislatura pasada o grupo municipal do BNG presentou varios rogos co fin de dignificar o labor político que fan os representantes electos do concello ao igual que no último pleno, celebrado o 30 de xullo de 2015. Porén, a inacción do goberno municipal neste sentido, semella tratar de ocultar a política local aos seus veciños. Por todo isto, o grupo municipal do BNG do Corgo solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte*

#### **ACORDO**



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

1. **Que se poñan en valor os plenos municipais colgando na páxina web do concello o contido dos mesmos (vídeo e acta).**

O Corgo, 22 de setembro de 2015

Mario Outeiro Iglesias

Voceiro do Grupo Municipal do BNG"

Mario Outeiro di que esta moción planteouse como un rogo, pero como non se fixo caso tráea agora como moción.

Marcos Trashorras di que estiveron a favor de colgar as actas na páxina web; pero en canto á grabación en vídeo vanse abster por coherencia política.

O pleno, en votación ordinaria e por 6 votos a favor (2 dos concelleiros do BNG, 3 dos concelleiros do PSOE e 1 do concelleiro do DIC) e 5 abstencións dos concelleiros do PP, acorda aprobar a referida moción.

Felipe Labrada comenta que as actas xa se están publicando na páxina web.

Seguidamente o pleno trata a moción con nº de rexistro 1939, de data 22 de setembro, presentada polo PP, que defende Mar Gómez Gómez, e que é do seguinte tenor literal:

"

### **MOCIÓN PARA A PROMOCIÓN DO LEITE GALEGO**

*O concelleiro do Partido Popular do Corgo abaixo asinante, en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ao Pleno, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte* **MOCIÓN PARA A PROMOCIÓN DO LEITE GALEGO NO NOSO CONCELLO**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O sector lácteo galego en xeral e o deste concello en particular, veñen sufrindo unha crise de prezos que ten que ver con varios factores e cunha conxuntura mundial de exceso de leite producido e unha baixada xeneralizada do seu consumo, que rolda o 3%.*

*Nas explotacións galegas prodúcese un leite de excelente calidade motivado por unha mellora xenética importante, a suma de condicións xeográficas e un manexo excepcional das vacas. Impulsar o seu consumo e recoñecemento é o traballo que está a desenvolver a Xunta de Galicia a través dunha campaña de promoción da*



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

marca "Galega 100%", que identifica co seu selo o leite de calidade diferenciada producido nas explotacións da nosa comunidade.

Esta medida de valorización do noso produto de calidade completarase en breve coa diferenciación dos produtos amparados pola marca nos lineais dos supermercados, de xeito que os consumidores e consumidoras poderán escoller máis doadamente o leite galego de calidade diferenciada. A maiores, os galegos e galegas tamén teremos unha iniciativa promocional de tetrabriks pequenos de "Galega 100%" para fomentar o consumo de leite entre a sociedade.

Con todo, é preciso sumar esforzos de todas as administracións para avanzar nesta promoción que estimule o consumo de leite e permita identificar a súa orixe, permitindo que o leite galego sexa recoñecido entre os consumidores.

Por tanto, dada a situación actual do sector leiteiro, tan importante na economía deste municipio e da Comarca de Lugo e considerando a necesidade de aumentar o consumo e diferenciación dos produtos lácteos galegos no mercado, propoño ao Concello de O Corgo a aprobación dos seguintes ACORDOS:

### ACORDOS

**Primeiro:** Solicitar á Consellería do Medio Rural e do Mar a adhesión do concello de O Corgo á campaña promocional do leite de calidade diferenciada producida nas explotacións galegas "Galega 100%".

**Segundo:** Promover accións, en conxunto cos colectivos sociais e empresariais deste termo municipal, para levar a cabo accións de promoción de "Galega 100%" entre os consumidores en xeral.

**Terceiro:** Desenvolver esas medidas de inmediato, facendo fincapé, entre outros, nos seguintes aspectos:

- a) difusión da campaña publicitaria de "Galega 100%"
- b) accións de concienciación coas asociacións de consumidores mediante o reparto de leite "Galega 100%" e a visita de explotacións gandeiras e industrias lácteas adheridas a "Galega 100%"
- c) accións de promoción entre o gremio hostaleiro mediante o reparto de leite amparado co selo "Galega 100%"
- d) medidas de entrega de leite "Galega 100%" nos principais eventos lúdico-festivos e deportivos deste concello/provincia.

Cuarto: Solicitar a Deputación de Lugo que elabore un plan de apoio o sector lácteo para a mellora da calidade do leite nas explotacións gandeiras do Concello de O Corgo en colaboración coas cooperativas, de forma coordinada con outras que se acheguen desde a Unión Europea, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente ou a Consellería de Medio Rural e Mar.



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

O Corgo, 22 de setembro de 2015.

Asdo.: José Antonio Ferreiro González

(Presidente do PP do Corgo)"

Cerqueiro recorda que xa se aprobou unha moción sobre este tema na sesión anterior do pleno. Onte chegaron a un acordo os gandeiros e as empresas lácteas pero entende que non é dabondo, pensa que hai que seguir loitando.

Co fin de evitar o voto en contra desta moción, Mario Outeiro propón unha enmenda que literalmente di:

"Mario Outeiro Igrexas, Portavoz do GM do BNG no concello de O Corgo, ao amparo da lexislación vixente, presenta a seguinte:

### EMENDA DE SUSTITUCIÓN Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP REFERIDA A PROMOCIÓN DO LEITE GALEGO

EMENDA:

INSTAR AO GOBERNO GALEGO A:

1.- ~~Esixir do Goberno do Estado a que en cumprimento das demandas dos e das produtoras e en virtude dos compromisos manifestados publicamente con estes inclúa nas medidas para facer fronte á crise do sector lácteo cando menos os seguintes elementos:~~

- ~~Aplicar nos seus contratos prezos de compra que permitan remunerar o custe de produción das gandeiras e gandeiros.~~
- ~~Determinación de que na construción da cadea de valor do leite se garanta unha retribución dos gastos de produción a través da determinación dos índices da INLAC (Organización Interprofesional Láctea) que deberán rexer o establecemento dos prezos nos contratos homologados~~
- ~~Garantía de recollida da produción~~
- ~~establecemento dun modelo de contrato homologado no que se recollan esas premisas~~
- ~~A aprobación inmediata de instrumentos legais de garantías de cumprimento para os gandeiros, e de sancións inmediatas para os casos de incumprimento~~





## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

- *Entrada en vigor destas medidas inmediatas, tal e como se comprometeu, con efectos de 1 de outubro de 2015.*
- *Que o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente se comprometa a velar polo cumprimento destes acordos*

*2.- A constitución dunha Comisión de seguimento en Galiza coa participación do Goberno Galego e de todas as organizacións de produtores, plataforma en defensa do sector lácteo, e demais elos da cadea para realizar un seguimento puntual do cumprimento dos acordos de Madrid e para realizar as propostas que se consideren necesarias para resolver a grave problemática do sector.*

*3.- A apostar por proxectos galegos, de base cooperativa ou de produtores/as, de transformación de leite e derivados lácteos.*

*4.- Que dentro da campaña de promoción de consumo de leite producido en Galiza se poña especial énfase na posta en valor do consumo de leite fresco e de produtos lácteos elaborados en Galiza como garantes de procedencia, de calidade e de produtos de cercanía."*

Continúa explicando que hai que promocionar o leite fresco, promove un consumo inmediato do leite, así se pode facer unha barreira ao leite que veña de fóra. Cre que o acordo que asinou o sector onte é malo, xa que está ratificado polos sectores que ocasionaron a redución do prezo. Pide que haxa un apoio e maior presenza dos membros do goberno municipal para apoiar o sector.

Mar Gómez di que se chamou a moitos gandeiros do concello para que foran á manifestación pero acodiron poucos; o concello poñía un autobús co fin de facilitar o transporte.

Entende que no etiquetado débese indicar que leite é, para que haxa unha transparencia do produto que se comercializa.

Javier Vila está a favor da emenda.

Rematado o debate, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar a moción coa emenda introducida polo BNG.

A continuación o pleno trata a moción con número de entrada 1940, do 22 de setembro, presentada polo Partido Popular, e que literalmente di:



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

### "Moción para asumir a atención aos refuxiados como unha cuestión de Estado"

*Europa está a asistir nestes momentos a unha grave crise humanitaria motivada polo desprazamento de miles de persoas que foxen do terror e a guerra nos seus países de orixe e buscan en Europa un espazo de seguridade, liberdade e respecto aos dereitos humanos.*

*As connotacións enormemente dramáticas da situación humanitaria que estamos a vivir inclúen a terrible perda de vidas humanas, e demandan que todos nos impliquemos na procura de solucións á mesma.*

*Esta é unha cuestión de Estado, que require a máxima coordinación na Unión Europea e no resto da Comunidade Internacional; así como a colaboración, a nivel nacional, de todas as Administracións, organizacións e entidades do terceiro sector e sociedade civil no seu conxunto.*

*A sociedade española volveu a demostrar, unha vez máis, a enorme solidariedade e o gran compromiso que os españois sempre demostraron cos que sofren.*

*O Goberno da Nación traballa desde hai meses na xestión desta crise. Xa no mes de maio púxose en marcha un equipo de traballo coa participación dos diferentes departamentos ministeriais implicados, do que tomou a testemuña un Grupo Interministerial formado por representantes de sete ministerios, que traballa xa con toda intensidade para preparar, de acordo coas decisións europeas, a xestión do traslado, acollida e integración dos solicitantes de protección internacional.*

*Así mesmo, reuniuse xa a Conferencia Sectorial da Inmigración, coa participación das Comunidades Autónomas e a Federación Española de Municipios e Provincias e intensificáronse as reunións e contactos coas entidades especializadas na atención e integración de refuxiados, así como cos representantes de ACNUR.*

*O Goberno da Nación mostrou en todo momento a súa disposición para colaborar á hora de facer fronte a esta crise e comprometeuse a acoller a cantos solicitantes de protección internacional propoña a Comisión Europea, dando proba da máxima responsabilidade e solidariedade nesta cuestión, como en tantas outras e como fixo desde o comezo desta crise.*

*De feito, o Goberno xa previra un importante incremento nas partidas dedicadas á acollida e integración de refuxiados, no proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2016 aprobado o 31 de xullo polo Consello de Ministros.*

*Adicionalmente, e en resposta ao agravamento da crise humanitaria, o Consello de Ministros do 11 de setembro aprobou un Real Decreto de axudas extraordinarias, por importe de 13 millóns de euros, ás asociacións implicadas na xestión da axuda aos*



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

*solicitantes de protección internacional; que supón unha primeira medida inmediata para adecuar a nosa rede de asistencia á nova situación.*

*En coherencia con iso, o Partido Popular tamén presentou no Congreso dos Deputados unha emenda transaccional aos orzamentos para 2016, apoiada por todos os grupos, para reforzar, con 200 millóns de euros, as partidas dedicadas á atención de solicitantes de protección internacional.*

*España conta, desde hai anos, cun Sistema de Atención aos refuxiados que deu resposta ás necesidades de cada momento, e que se está reforzando con máis recursos para atender á situación actual. Contamos tamén coa sólida experiencia de ser un país de acollida, pola condición do noso país de fronteira marítima do Sur de Europa, o que nos converte nun referente na atención humanitaria a estranxeiros, así como na reivindicación dunha política europea, conxunta, coordinada e integral en relación aos movementos migratorios de todo tipo.*

*Pola súa banda, a Xunta de Galicia púxose de inmediato a disposición do Goberno do Estado e asumiu a coordinación de todos os recursos materiais e humanos que se poñan a disposición tanto por parte da propia Administración autonómica como polas administracións locais, polas entidades de iniciativa social e pola poboación galega para facilitar a acollida e integración en Galicia das persoas refuxiadas.*

*Así mesmo, a Xunta de Galicia e a Fegamp están colaborando intensamente para dar unha resposta coordinada e conxunta a esta crise humanitaria. E nesta labor tamén se está contando coas ONGs con experiencia en materia de refuxiados e asilados e presenza na comunidade.*

*Por esta razón, o Grupo Popular de O Corgo eleva ao Pleno a presente Moción para asumir a atención aos refuxiados como unha cuestión de Estado.*

*Instamos a todas as Administracións Públicas a:*

*1. Colaborar dun xeito coordinado para ofrecer unha resposta unificada, conxunta e solidaria a esta crise humanitaria, e en especial á Xunta de Galicia, ao concello de O Corgo e á Fegamp, para que en colaboración coas ONG's con presenza en Galicia elaboren e executen un plan de acollida para as persoas refuxiadas poñendo á súa disposición os recursos asistenciais dispoñibles para facer posible a súa acollida e integración.*

*2. Seguir impulsando unha verdadeira política europea, común e integral, de inmigración e asilo, que debe contar con recursos financeiros suficientes.*

*4. Reforzar a capacidade de resposta da Unión Europea ante situacións de emerxencia, como a que estamos a vivir.*



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

5. *Impulsar a dotación de fondos europeos para reforzar e concentrar os esforzos de cooperación nos países de orixe e, en particular, dun Fondo Fiduciario Europeo para a axuda financeira aos países de África, inspirado nunha proposta realizada polo Goberno de España.*

6. *Dar prioridade ao diálogo e a cooperación cos países de orixe e tránsito, así como cos países limítrofes das zonas de conflito na acollida de refuxiados.*

7. *Colaborar cos países de tránsito para a protección das súas fronteiras e loitar contra as mafias que se lucran con esta traxedia humana.*

8. *Traballar xuntos en cantas iniciativas nos permitan lograr a paz e a estabilidade nos lugares de orixe dos refuxiados.*

O Corgo, 22 de setembro de 2015

Asdo.: José Antonio Ferreiro González"

Cerqueiro pensa que é unha moción moi bonita, pero di que é un problema moi grave. Trátase dunha moción tipo para traer ás sesión plenarias; pero logo hai que cumprilas e para isto fai falla ter elementos estruturais e económicos para acoller aos refuxiados.

O alcalde explica que o concello ten unha vivenda preparada, aínda que prefire deixala reservada por se fai falla a un veciño.

Cerqueiro di que está metido en varias organizacións humanitarias e non é un tema doado; ó mellor hai que pedir un informe ao secretario para analizar que posibilidades ten o concello para afrontar isto. Cre que non se pode facer populismo con este asunto.

Mario Outeiro está de acordo coa moción en liñas xerais. Fai fincapé na situación actual desta xente derivada das acción imperialistas dos EEUU e do presidente Aznar por meter os fuciños onde ningún lles mandou, creando situacións difíciles de controlar. Entende que o concello pode aportar o seu grao de area. En canto ao punto un da moción, di que hai que facer un estudo, se contén un compromiso en facer un plan de acollida que vixiarán nos seguintes plenos.

Javier Vila opina do mesmo xeito.

Felipe Labrada manifesta que é un grave problema que nin a Unión Europea foi capaz de consensuar un acordo entre os diferentes gobernos do que hai que facer.

En relación coa intervención de Mario Outeiro, Cerqueiro di que este problema non é culpa do imperialismo, senón dos dictadores e dos integristas.



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

Mario Outeiro di que se mantén na súa opinión, manifestada anteriormente.

Rematado o debate, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar a referida moción.

Cerqueiro pide que neste asunto haxa seriedade.

A continuación o pleno trata a moción con número de entrada 1937, do 22 de setembro, presentada polo BNG, que defende Mario Outeiro e que é do seguinte tenor literal:

### **"MOCIÓN PARA O ARRANXO DA ANTIGA ESCOLA DE VILACHÁ**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O papel xogado polas antigas escolas parroquiais foi fulcral na educación de varias xeracións de corgueses ata a concentración no grupo escolar situado no Corgo. O Concello do Corgo, propietario das mesmas, posúe varios edificios en diferente estado de conservación. Unhas atópanse arranxadas grazas á inversións do propio Concello, da Deputación Provincial ou da Xunta de Galicia e outros atópanse en estado ruinoso que ademais de ser un perigo para toda a poboación circundante dan unha imaxe lamentábel da propia institución.*

*Hoxe eses locais, merecen unha segunda oportunidade cando os veciños dunha parroquia se unen en asociacións veciñais e asumen o compromiso de usar e manter as instalacións en bo estado. Este é o caso da antiga escola de Vilachá que a maiores é unha das antigas escolas con maior valor arquitectónico do concello.*

*Por todo isto, o grupo municipal do BNG do Corgo solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte*

#### **ACORDO**

- 1. Arranxar a antiga escola de Vilachá para o uso por parte dos veciños da parroquia, ben con cargo aos orzamentos do 2015, ben incluída nos orzamentos do 2016 se non for posíbel nesta anualidade.**
- 2. Instar a outras administración para que colaboren na súa rehabilitación.**

O Corgo, 22 de setembro de 2015

Mario Outeiro Iglesias

Voceiro do Grupo Municipal do BNG"

Mario explica que hai unha asociación en Vilachá.



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

O alcalde di que nunca llo pediron, e que o prioritario sería arranxar o tellado e logo arranxar o baixo. Di que se pode pedir algunha axuda.

O pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar a moción.

Rematada a votación o alcalde di que se pode orzamentar o tellado para o ano 2016.

A continuación o pleno trata a moción con número 1945, con data de entrada 22 de setembro, que defende Javier Vila Núñez e que literalmente di:

### **"MOCIÓN REFERENTE AOS SERVIZOS PÚBLICOS.**

*Francisco Javier Vila Núñez, concelleiro do grupo municipal Demócratas Independientes do Corgo (DIC) ven fórmular para a súa aprobación a seguinte moción en base a:*

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O acondicionamento das vías municipais do concello de O Corgo non sempre contempla o acondicionamento das cunetas, que en moitas ocasións, quedan no mesmo estado ou incluso peor (rodeiras feitas pola maquinaria que acomete a restauración das vías). Para o mantemento futuro das pistas que sexan rexeneradas, é importante limpar, facer de novo, de ser necesario, e acondicionar as cunetas.*

*Por outra banda, os servizos públicos de traída de auga e a rede de sumidoiros, son necesidades básicas da poboación e que non sempre se levan a cabo ao mesmo tempo. A incomodidade e custo que provocan estas obras por teren que ser feitas en dúas veces podería ter sinxela solución.*

*Sométese á consideración do pleno municipal a aprobación dos seguintes acordos:*

- 1. Que cando se fagan proxectos de rexeneración de pistas quede incluído en dito proxecto a rexeneración, o coidado e a limpeza das cunetas.*
- 2. Que cando se faga a traída de auga ou a rede de sumidoiros dunha parroquia se deixe xa a provisión para o outro servizo, de non ser posible facelo ao mesmo tempo.*

*En O Corgo, a día 24 de Setembro de 2015.*



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

Fdo. F. Javier Vila Núñez

*Voceiro do Grupo Municipal DIC"*

O alcalde explica que isto xa se está a facer. En concreto, non Plan E instaláronse tuberías de auga e de rede de sumidoiros, en Pedrafita, en Manán... di que hai moitos máis sitios, aínda que agora non o lembra. Di que tamén se contempla a limpeza das gabias. Agora, as que non foron previstas habería que facelas alugando unha motoniveladora.

Javier Vila entende que nas obras que se executaron recentemente non se contemplaba esa limpeza, por iso pide que se faga nun futuro.

Mario di que hai dous exemplos onde se fixo a limpeza das gabias, pero son excepcións, ademáis de ser obras que se executaron con cartos que non eran do concello. Non limpalas suporá que no medio do asfalto medrarán herbas.

Marcos Trashorras di que nuns días se vai acometer o aglomerado nas pistas do Cambeiro e xa se van limpiar as cunetas.

Rematado o debate, o pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar a referida moción.

A continuación o pleno trata a moción número 1946, con data de rexistro de 22 de setembro, que defende Javier Vila e que é do seguinte tenor:

**"MOCIÓN DE APOIO Á SOLICITUDE FEITA POLOS VECIÑOS DE CHOUSA (ESCOUREDA) EN RELACIÓN AO SUMINISTRO E AUGA E Á REDE DE SUMIDOIROS.**

*Francisco Javier Vila Núñez, concelleiro do grupo municipal Demócratas Independientes do Corgo (DIC) ven formular para a súa aprobación a seguinte moción en base a:*

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O servizo de auga e sumidoiros é un servizo básico para a nosa poboación. En base ás necesidades e peticións levadas a cabo polos veciños de Chousa (segundo copia do*



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

escrito que se adxunta asinado polos citados veciños), solicitamos ó pleno da Corporación Municipal a adopción do acordo seguinte:

1. Que sexa incluído no próximo Plan de Obras a realización da petición feita polos veciños, isto é, servizo de traída de auga e rede de sumidoiros.

En O Corgo, a día 24 de Setembro de 2015.

Fdo. F. Javier Vila Núñez

Voceiro do Grupo Municipal DIC"

O alcalde di que ten constancia da petición dos veciños e comprometeuse con eles en dárilles o servizo tan pronto como fose posible. Pensa que poderá incluírse no plan de obras e servizos municipais, no que hai unha financiación por parte da Deputación de 14000 € e o resto o pón o concello. Non obstante, di que isto é insuficiente. Comenta que a Deputación da Coruña financia os plans de obras e servizos con 120.000 €.

Finalmente explica que se comprometeu a encargar a redacción do proxecto, pero os veciños teñen que facilitar os terreos para colocar a depuradora, e onde non se poida levar os tubos por terreo municipal, os veciños terán que facilitar os terreos por onde teña que ir a rede de sumidoiros. Neste momento cre qu o orzamento acadará uns 100.000 €.

O pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar a moción precedente.

### 7.Rogos e preguntas.

- Rogo nº 1925, presentado polo PSOE o 22 de setembro, que literalmente di:

#### **Ó PLENO DO CONCELLO DE O CORGO**

Don/a. JAVIER CERQUEIRO GONZALEZ, na súa condición de Voceiro/a do Grupo Municipal Socialista no Concello de O CORGO comparece e como mellor en Dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto no artigo 97.6 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno os seguintes :





## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

### ROGOS

*1.-Reiteradamente vemos que no noso Concello se atopan camiños estragados, cheos de maleza, é intransitables por doquier, sen que o equipo de goberno faga gran cousa para arranxalos, pero tamén observamos que en algúns casos, esta costumbre que pode parecer deixadéz, máis ben semella premeditación ( diríase que ó equipo de goberno lle interesa que o camiño esté intransitable), este parece ser o caso do camiño existente no lugar de Vilanova, na parroquia de marei, caso no que ó Psoe lle consta que o Alcalde foi ver a situación na que se atopa, (totalmente intransitable), e comprobou que se arranxaría fácilmente, con un pequeno traballo, e así e todo considerou máis oportuno alegar que o camiño non era competencia do Alcalde do Corgo, senón de entes externos chegados de lugares descoñecidos, polo que solicito se proceda de inmediato a adecentar o mencionado camiño para o seu tránsito diario*

*En O Corgo a 21 de setembro de 2015*

*Asdo.: Javier Cerqueiro González*

*Voceiro/a do PSdeG-PSOE*

O alcalde explica que coñece o tema e que fixo as xestións oportunas co propietario do muro que cae sobre o camiño. O concello, co fin de facilitar o paso, axudará a retirar as pedras do camiño. Di que dubida moito que por alí poida pasar unha furgoneta, aínda que ogallá poida facelo.

Mario Outeiro di que o largo do camiño é de 2,40 metros.

Marcos Trashorras comenta que non hai esa largura.

Mario Outeiro di que se verá mellor cando se roce. Indica que os veciños lle comentaron que lles botan a culpa de que non se fagan as obras, e quere deixar claro que o BNG non se opón a que se fagan.

Jesús Seijas tamén comenta que lle dixeron os veciños que lles botaban a culpa de que non se arranxen as obras.

- Rogo con nº de entrada 1942, do 22 de setembro, presentado por DIC, que literalmente di:

**ROGO REFERENTE Ó CAMBIO DUN PUNTO DE LUZ NA PARROQUIA DE LAXES**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

*No seu momento púxose un punto de alumeado público na fachada da casa de Cesteiro de Laxes. Hoxendía o propietario atópase facendo reformas na súa vivenda e non o quere alí.*

*Por isto, o grupo municipal do DIC presenta o seguinte*

### ROGO

*1. Que se cambie o foco dende a súa localización actual, nunha fachada privada, para un poste público.*

*O Corgo, a día 24 de setembro de 2015*

*Fdo. F. Javier Vila Núñez*

*Voceiro do Grupo Municipal DIC*

O alcalde comenta que o encargou, e pensaba que xa estaba feito.

- Rogo con nº de entrada 1943, do 22 de setembro de 2015, presentado por DIC, que literalmente di:

### *ROGO REFERENTE Á REXENERACIÓN DE PISTAS NAS PARROQUIAS DE FONTEITA E QUEIZÁN DE ABAIXO*

#### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*Existen nestas dúas parroquias, Fonteita e Queizán de Abaixo, pistas que presentan baches e mal estado que repercuten na comodidade dos veciños que por elas transitan a diario.*

*Por isto, o grupo municipal do DIC presenta o seguinte*

### ROGO

- 1. Que se teñan en conta, entre outras, a rexeneración da pista que en Fonteita pasa por diante do establo de Ramón Cordero Lence.*
- 2. A rexeneración da pista que vai dende Queizán de Abaixo a Gracián (nos límites de Castroverde).*

*En O Corgo, a día 24 de setembro de 2015*

*Fdo. F. Javier Vila Núñez*

*Voceiro do Grupo Municipal DIC*



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

O alcalde explica que pista de Queizán de Abaixo a Gracián está anotada para arranxar. En canto á pista a Fonteita (Ramón Cordero) di que hai que atender as peticións por onde transitan máis veciños.

- Rogo nº 1944, de data 22 de setembro, presentado por DIC, que literalmente di:

### *ROGO REFERENTE Á RECOLLIDA DO LIXO E LIMPEZA DOS CONTENEDORES EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*A recollida de lixo nas parroquias do Corgo non se fai coa suficiente periodicidade ao igual que a limpeza dos contenedores, isto provoca insalubridade (suciedade, cheiros, animais) e incomodidade para os nosos veciños, ao mesmo que da mala imaxe de cara ós visitantes que veñen ao Corgo.*

*Por isto, o grupo municipal DIC presenta o seguinte*

#### *ROGO*

*1. Que cando se realice a contratación da empresa encargada da recollida de lixo se teñan en conta novos criterios que inclúan unha meirande periodicidade de recollida (sobre todo en zonas puntuais), o lavado dos contenedores...*

*En O Corgo, a día 24 de setembro de 2015*

O alcalde explica que se vai facer un estudio para saber onde están ubicados os colectores de lixo; cantos hai; en que condicións están; de que clase son; a que distancia están das vivendas; si o lugar de ubicación é idóneo para poder fixalos, etc. Di que o lavado dos colectores é 3 veces ao ano; neste exercicio limpáronse no mes de febreiro e de agosto.

Mario Outeiro formula oralmente o rogo de que se se crea unha comisión para cambiar os colectores de lixo que se teña en conta poñer un na igrexa de Folgosa. Tamén solicita que se faga unha nova casa do concello, xa que a actual non satisface as necesidades actuais, tratando de deseñar un edificio máis amplo, un edificio funcional que, adaptado ás novas tecnoloxías, concentre as dependencias municipais, e cumpra coa lexislación de accesibilidade. Decátase de que é unha obra importante e necesita da colaboración doutras institucións como a Consellería de Presidencia e a Deputación de Lugo.

O alcalde di que moveu ficha para afrontar esa idea, falando coa Xunta, aínda que non están pola labor, veu que lle pechaban as portas pola fusión de pequenos concellos. O sitio que tiña pensado para facelo era no terreo onde está a cámara agraria, xa que detrás dela hai un terreo que corresponde ao concello pero no seu momento non houbo posibilidade de mercar ese terreo para tirar a cámara e facer o edificio.

Felipe Labrada di que xa está redactado un anteproxecto do edificio.

Pódese traer ao seguinte pleno como moción.



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

Cerqueiro di que se pode facer unha emenda aos orzamentos da Xunta de Galicia.

- Pregunta con número de rexistro de entrada 1928, formulada polo PSOE, que literalmente di:

### Ó PLENO DO CONCELLO DE O CORGO

*D. JAVIER CERQUEIRO GONZÁLEZ, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de O Corgo, comparece e como mellor en Dereito proceda DI:*

*Que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno as seguintes:*

#### PREGUNTAS

*¿Cómo queda o acceso ó Polígono Industrial pola N-VI e que prexuízos pode ter na zona das casas) ¿En base a que se aprobou? Os veciños da zona din descoñecer a situación.*

*En O Corgo, a 24 de setembro de 2015"*

O alcalde explica que o concello pediu unha axuda a Consellería de Industria para mellorar a accesibilidade ao polígono empresarial a través do seu acceso secundario. No proxecto non se contemplan expropiacións e non afecta aos veciños. Indica que nalgún sitio farase unha gabia de formigón e a obra executarase en aglomerado en quente.

Marta López Abeledo pregunta que criterio se seguiu para facer ese acceso.

Marcos Trashorras explica que o acceso xa existía, o que se fai é melloralo.

O alcalde comenta que é unha pena que non poidan facelo máis largo.

- Pregunta con número de rexistro 1929, con data de entrada do 22 de setembro, que literalmente di:

### Ó PLENO DO CONCELLO DE O CORGO

*D. JAVIER CERQUEIRO GONZÁLEZ, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de O Corgo, comparece e como mellor en Dereito proceda DI:*



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

*Que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno as seguintes:*

### PREGUNTAS

*Coa posta en funcionamento do novo campo de adestramento no anexo do Campo Municipal de Fútbol de O Corgo, a persoa que estaba a explotar aqueles montes comunais, dende hai uns 30 anos, ¿vaise negociar con el algún tipo de compensación, tendo en conta que o arrendo de dito monte supón unha axuda á delicada situación familiar que atravesas?. Ademais ten limitada a búsqueda de emprego debido a que dita persoa faise cargo da súa nai dependente e carente de axuda algunha.*

*En O Corgo, a 24 de setembro de 2015*

*Asdo. Javier Cerqueiro González*

Marcos Trashorras explica que hai un convenio coa Área de Cultura da Deputación de Lugo. Onde se fai a obra do campo de fútbol é un terreo comunal propiedade do concello. O veciño non o aproveita directamente, senón que o ten alugado, e iso non é legal; por outra banda, o concello non o pode comprar porque é seu. Á persoa afectada ofrecéuselle un terreo comunal no Cambeiro, pero non o quixo.

Marta López Abeledo di que sería porque está lonxe de onde vive.

Marcos Trashorras di que o afectado tampouco ten explotación gandeira. Intentouse valorar as melloras que puidese ter o terreo, pero iso non se pode acreditar, di que se lle intentou buscar algunha solución, pero non é posible.

- Pregunta con rexistro de entrada 1930, do 22 de setembro, que literalmente di:

### Ó PLENO DO CONCELLO DE O CORGO

*D. JAVIER CERQUEIRO GONZÁLEZ, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de O Corgo, comparece e como mellor en Dereito proceda DI:*

*Que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno as seguintes:*

### PREGUNTAS

*¿Cómo está o estudio do trazado de Alfonxe aprobado no pleno do 30 de xullo?*



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

En O Corgo, a 24 de setembro de 2015

O alcalde di que hai que solucionalo, pero que hai pouco persoal, aínda que se fará.

- Pregunta con número de rexistro 1931, con entrada o 22 de setembro, que literalmente di:

### Ó PLENO DO CONCELLO DE O CORGO

*D. JAVIER CERQUEIRO GONZÁLEZ, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de O Corgo, comparece e como mellor en Dereito proceda DI:*

*Que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno as seguintes:*

### PREGUNTAS

*¿Cales son os criterios para os desbroces en zonas dunha mesma parroquia que están asfaltadas? ¿Cal é o proceso que se segue?*

*En O Corgo, a 24 de setembro de 2015*

Marcos Trashorras explica que o criterio é facelo en todos as pistas asfaltadas, e a nivel de pobo. Ás veces, o desbroce interrómpeuse para desbrozar o entorno dos campos da festa e pistas de acceso a elas (por exemplo, en Arxemil fixeron un pouco por mor da festa patronal).

Hai dous tractores que traballan de seguido, sendo esta a mellor época para facelo.

O alcalde entende que non é xusto que os veciños de Chousa sexan os derradeiros en que se lles faga o desbroce, pero os traballos interrómpeuse polas festas.

- Pregunta con rexistro de entrada 1932, do 22 de setembro, que literalmente di:

### Ó PLENO DO CONCELLO DE O CORGO

*D. JAVIER CERQUEIRO GONZÁLEZ, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de O Corgo, comparece e como mellor en Dereito proceda DI:*



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

*Que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de gobernó as seguintes:*

### PREGUNTAS

*¿Cales son os criterios para a distribución dos puntos de luz na parroquia de Quetesende?*

*En O Corgo, a 24 de setembro de 2015*

O alcalde contesta que se se fai caso ás peticións de puntos de luz habería que instalar un 30% máis dos que hai instalados, o que aumentaría o custo entre un 40 e un 50%. A prioridade é que haxa un punto de luz para as vivendas dos veciños.

Marta López Abeledo di que o importante é o criterio de colocar a luz.

O alcalde explica que o criterio é estar empadroado no concello do Corgo.

- Pregunta con número de rexistro de entrada 1933, de 22 de setembro, que literalmente di:

### Ó PLENO DO CONCELLO DE O CORGO

*D. JAVIER CERQUEIRO GONZÁLEZ, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de O Corgo, comparece e como mellor en Dereito proceda DI:*

*Que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de gobernó as seguintes:*

### PREGUNTAS

*¿Cales son os motivos da marcha do equipo feminino de baloncesto de O Corgo?*

*En O Corgo, a 24 de setembro de 2015*

Marcos Trashorras di que o motivo de que se fosen saberano elas, non o concello.

Marta López Abeledo explica qu eles din que non se lles concedeu unha subvención.



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

O alcalde explica que se lles deu unha subvención pero teñen que xustificala e non o fixeron.

- Pregunta con número de entrada 1941, de 22 de setembro, que literalmente di:

### PREGUNTAS

1. *Referente as mocións do pleno anterior presentadas por este grupo (uso dos tractores de desbroce durante todo o ano, inclusión da rexeneración de estrada que comunica San Fiz de Bergazo e Campelo no primeiro Plan de Obras, revisión da colocación e subsanación dos tubos da estrada que sube a Alfonxe (porque o arranxo do CEIP xa se levou a cabo), atópase algunha en vías de execución?*
2. *Que plans de obras se contemplan para o 2016?*
3. *Hai algunha solicitude feita á Deputación en relación ás axudas ou subvencións para o acondicionamento de entornas fluviais incluídas na Rede Natura?*

En O Corgo, a día 24 de setembro de 2015

Fdo. F. Javier Vila Núñez.

O alcalde contesta que fixo unha petición á Secretaría Xeral de Deportes da Xunta para facer unha piscina e outra á Deputación provincial para facer unha ruta de sendeirismo dende o mazo de Santa Comba ata o Miño.

Javier Vila pregunta verbalmente polo problema dun peche dun camiño en Golás. Ao parecer o concello mandouno abrir, e agora o veciño volveu a péchalo. Pregunta que medidas se van adoptar. Di que o concello ten a obriga de defender os camiños públicos, senón pódese cometer delicto de prevaricación por omisión.

Entende que debe de chamar aos veciños de Golás e tamén aos de Gomeán para ver outro camiño que hai en Gomeán.

O alcalde di que se está facendo e que se irá a Golás.

Mario Outeiro pregunta se se sabe algo de malos olores ocasionados por unha granxa en Arxemil.

O alcalde di que coñece o tema. Unha das persoas que está en contra da granxa chama por teléfono ás 3, 5 e 6 da madrugada en moitas ocasións.





## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

E unha granxa que se ampliou; a lei está mal, pero o caso é que se ampliou coas correspondentes autorizacións medioambientais da Comunidade Autónoma. Incluso hai informes da policía que estivo alí.

Felipe Labrada explica que se está falando da nave de polos de Arxemil cando no Corgo hai un caso moito peor que é a granxa de porcos de Quinte, que non ten punto de comparación. Di que a xunta de goberno local deu licenza para a granxa de polos, na que el se abstivo, por mor de que o solicitante era naquel momento empregado del; Di que coas novas naves os polos cárganse cunha carretilla de batería e antes cargábanse por diante da cociña das denunciante.

Mario Outeiro pregunta se o alcalde confía na capacidade dos seus compañeiros e se se crearon áreas de actuación municipal ou vai seguir gobernando o concello de maneira unipersoal.

O alcalde contesta que confía plenamente nos seus compañeiros, como se demostrou nesta sesión, na que cada un deles defendeu as mocións.

Mario Outeiro pregunta se coas pontes históricas do Corgo se fixo algo.

O alcalde contesta que se van limpar, pero non hai persoal, xa que o crédito está esgotado.

Antes de rematar a sesión, o alcalde invita a tódolos concelleiros para a presentación do PXOM do Corgo, á que virán a Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras e a Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase esta sesión ás quince horas, redactándose a presente acta, que eu, secretario, certifico.



